

# Actividades escolares Afundación curso 2018/19

[escolares.afundacion.org](http://escolares.afundacion.org)



//Afundación

Obra Social ABANCA

# ÍNDICE XERAL

<b>ARTES ESCÉNICAS</b>	4
Educación infantil	5
1º e 2º de primaria	6
3º e 4º de primaria	7
5º e 6º de primaria	8
1º e 2º de ESO	9
Calendario	10
<b>ARTES PLÁSTICAS</b>	11
A Coruña	12
Ferrol	12
Santiago	13
Lugo	13
Pontevedra	14
Vigo	14
Ourense	15
Programa vilas	16
<b>NATURNOVA</b>	18
<b>BIBLIOTECA INFANTIL</b>	21
<b>EDUCACIÓN FINANCEIRA</b>	23
<b>ACTIVIDADES INTERXERACIONAIS</b>	25
<b>EDUCACIÓN S. XXI</b>	29
<b>NORMAS XERAIS</b>	30
<b>ENDEREZOS E CONTACTO</b>	31

# ARTES ESCÉNICAS

## *Burbujas de papel*

Danza / música

Múcab Dans

Castelán / 50 min

**Educación infantil (3-6 anos)**

Gañadora do **Premio ao mellor espectáculo familiar 2014 na Feira de Teatro de Castela-León** (Ciudad Rodrigo). Este espectáculo sen palabras combina a danza, a música e a interacción multimedia, creando unha proposta visual e plástica que xoga desde a imaxinación da nen@ para ir a un mundo fantástico. Roger, un trompetista namorado das burbullas, coñece unha fada falcatruera que o axudará a conseguir o seu obxectivo, devolverlle as ganas de xogar, rir, imaxinar e bailar a todo o mundo.

## *Guyi-Guyi*

Teatro de monicreques / actor

Periferia Teatro de Títeres

Castelán / 50 min

**Educación infantil (3-6 anos)**

Guyi-Guyi é un crocodilo que por azar foi nacer nunha familia de parrulos. Vive feliz con eles ata que un día topa cun crocodilo. Cando se decata de que os crocodilos comen parrulos, o noso protagonista pasará por diferentes dificultades para conseguir ser el mesmo... Esta obra é unha adaptación libre do conto *O parrulo feo*, que traballa a busca da identidade, tan necesaria na sociedade globalizada. **Mellor espectáculo de monicreques en FETEN 2010, Dracs D'Or ao Mellor Espectáculo Infantil e Mellor Interpretación na Fira de Titelles de Lleida 2010.**



## *Eu cociño, ti cociñas?*

Música / teatro

Mamá Cabra

Galego / 50 min

**1º e 2º Educación Primaria**

Esta nova montaxe de Mamá Cabra é unha proposta anovadora, onde a cociña e a alimentación saudable se converten no medio perfecto para traballar novos aspectos curriculares. Timoteo cambiou o seu quiosco por un restaurante que se chama COKI, xa que estaba preocupado porque os nenos e nenas comeran saudable. Ata fixo un blog para dar a coñecer as súas receitas con ingredientes moi especiais: sorrisos de mamá, empanadillas con amor... digo con xamón!, viaxes de papar e xogar, aventuras de piratas... Timoteo di que cociñando podemos percorrer o mundo e facer novas amizades: *I can cook, can you cook?*

## *A Galiña Azul*

Teatro de monicreques / actor

Tanxarina

Galego / 60 min

**1º e 2º Educación Primaria**

Gañadora do Premio María Casares ao Mellor Espectáculo Infantil 2018 e Premio FETEN a Mellor espectáculo de monicreques 2018, *A Galiña Azul* é un espectáculo que fala da diversidade e da solidariedade, que emprega diversas técnicas de manipulación de bonecos, traballo interpretativo, música e cancións. «Lourenzo ten unha galiña azul con cinco plumas vermellas na á dereita. Unha galiña moi bonita e moi rara. Pon ovos de cores! Ademais non di “cacaracá” coma as outras galiñas, senón que di “cocorocó”. E isto ten preocupadas as autoridades».



## *Bon Appétit*

Teatro de actor

Teatro dos Ghazafellos

Galego / 60 min

**3º e 4º Educación Primaria**

Comedia en clave de clown onde tres chefs «franceses» tentarán mostrar os segredos da cociña galega, seguindo o prestixioso libro de cociña escrito por Álvaro Cunqueiro, *A Cociña Galega*: «A cociña é arte, a expresión cultural que un pobo desenvolve ao longo do tempo». Cunha posta en escena colorista, estes personaxes enganchan @s nen@s desde o primeiro momento, facéndoos partícipes das desventuras, malos entendidos e solucións para cada prato. Para iso mestúrase teatro físico, música, monicreques e un texto de enredo con moito xogo de palabras.

## *El mágico planeta de los instrumentos insólitos*

Música

Fetén Fetén

Castelán / 60 min

**3º e 4º Educación Primaria**

O obxectivo principal deste divertido concerto didáctico, da man de Diego Galaz e Jorge Arribas, nomeados músicos internacionais, é que a rapazada emprenda unha marabillosa viaxe a través dos diferentes ritmos e melodías da música popular española. Transmitíndolles valores sobre a reutilización, a pobreza, a imaxinación e a importancia de coñecer as nosas tradicións, usando algúns dos instrumentos máis increíbles da historia da música coma o violín trompeta, a serra musical, a á de voitre, o theremin ou a fruta cadeira de camping.





## Tarzán

Teatro de actor

Face2Face Theatre Co.

Inglés / 65 min

**5º e 6º Educación Primaria**

O coñecemento da lingua inglesa, a superación persoal, o traballo en equipo, os sentimentos e a interacción cos escolares serán algúns dos valores que poderemos apreciar nesta obra. Inspirado nas novelas de Edgar Rice Burroughs, nesta historia un avión estrélase no medio da selva. O único sobrevivente é un bebé que será adoptado por unha parella de monos e convertirase en Tarzán. Mentres tanto, Jane Goodall, unha documentalista amante da natureza, e o seu prometido, Archibald Porter III, cazador, están de expedición na xungla co seu equipo (persoas afortunadas do público)...

## De los cuentos a las cuentas

Teatro de actor

Zarándula S. C.


Castelán / 60 min

**5º e 6º Educación Primaria**

PROGRAMA DE  
EDUCACIÓN  
FINANCEIRA



María, a nosa protagonista, faranos viaxar a moitos lugares, sen movernos da nosa butaca nin da súa habitación. Vivirá entre dous mundos, acompañada do seu pai, un home serio e práctico; e do seu tío, un viaxeiro aventureiro, loitador e soñador. Nesta viaxe entre eses dous mundos, María entenderá que ás veces os contos e os soños se poden facer realidade, só é necesario ter valor e esforzarse por conseguilo. Esta obra conta co Premio de Actualidade Económica e CECA no ano 2017.





## **Ciclo de cinema submarino**

Cinema documental

Colabora a Universidade de Vigo  
**5º, 6º de primaria, 1º e 2º de ESO**

### **PLANETA AZUL II: COSTAS**

Gran Bretaña / Castelán / 50 minutos

Dirección: Miles Barton para BBC Earth

Imaxe submarina: Rod Clarke, Richard Wollocombe, Barrie Briton, e outros

Música: Hans Zimmer, Jacob Shea e David Fleming

Da man da BBC poderemos visionar *Costas*, un dos documentais de *Blue Planet II*, a secuela de *Blue Planet* considerada por moitos como a mellor «serie documental mariña da historia», gañadora de varios premios Emmy e BAFTA pola súa música e cinematografía.

### **SECRETOS DE LA MAREA**

Galicia / Castelán / 7 minutos

Dirección, guión e realización: JJ. Candán PRODUCCIONES

Imaxe: Jorge J. Candán

Música: David Morales

Galicia agacha baixo as súas augas moitas especies e comportamentos descoñecidos para a xente galega, un verdadeiro tesouro biolóxico.

### **BUSCADORES DE NAUFRAXIOS: CORDERO GONZÁLEZ**

Galicia/ Galego / 20 minutos

Dirección e realización: Edu Lavandeira

Produción: Isabel Vázquez

Documentación e redacción: Sergio Campo

Imaxe subacuática: Xaime Beiro

Imaxe terrestre: César Domínguez Castro, Edu Lavandeira

Produción de Voz Audiovisual para TVG

Rafael Gutiérrez canda o mergullador Yago Abilleira van descubrir o barco afundido e perdido na memoria fronte á Illa de Ons, o Cordero González, que naufragou en 1975 ao ser abordado polo mercante Playa de Aldán.

## CALENDARIO DE ACTIVIDADES ESCÉNICAS

### Santiago

Auditorio ABANCA

DE LOS CUENTOS A LAS CUENTAS

6 de novembro de 2018

A GALIÑA AZUL

27 de novembro de 2018

EL MÁGICO PLANETA DE LOS INSTRUMENTOS INSÓLITOS

5 de decembro de 2018

TARZÁN

31 de xaneiro de 2019

BURBUJAS DE PAPEL

7 e 8 de febreiro de 2019

### A Coruña

Auditorio Sede Afundación

DE LOS CUENTOS A LAS CUENTAS

8 de novembro de 2018

EL MÁGICO PLANETA DE LOS INSTRUMENTOS INSÓLITOS

23 de novembro de 2018

EU COCIÑO, TI COCIÑAS?

17 de decembro de 2018

TARZÁN

10 e 11 de xaneiro de 2019

BURBUJAS DE PAPEL

28 e 29 de xaneiro de 2019

### Ferrol

Auditorio Sede Afundación

DE LOS CUENTOS A LAS CUENTAS

9 de novembro de 2018

EL MÁGICO PLANETA DE LOS INSTRUMENTOS INSÓLITOS

22 de novembro de 2018

EU COCIÑO, TI COCIÑAS?

12 de decembro de 2018

TARZÁN

17 e 18 de xaneiro de 2019

BURBUJAS DE PAPEL

30 e 31 de xaneiro de 2019

### Lugo

Auditorio Municipal Gustavo Freire

DE LOS CUENTOS A LAS CUENTAS

5 de novembro de 2018

EL MÁGICO PLANETA DE LOS INSTRUMENTOS INSÓLITOS

3 de decembro de 2018

A GALIÑA AZUL

18 de decembro de 2018

TARZÁN

9 de xaneiro de 2019

BURBUJAS DE PAPEL

24 e 25 de xaneiro de 2019

### Ourense

Auditorio Municipal

DE LOS CUENTOS A LAS CUENTAS

31 de outubro de 2018

A GALIÑA AZUL

28 de novembro de 2018

EL MÁGICO PLANETA DE LOS INSTRUMENTOS INSÓLITOS

4 de decembro de 2018

## **TARZÁN**

29 e 30 de xaneiro de 2019

## **BURBUJAS DE PAPEL**

20 e 21 de febreiro de 2019

## **BON APPÈTIT**

28 e 29 de marzo de 2019

## **EU COCIÑO, TI COCIÑAS?**

8 e 9 de abril de 2019

## **GUY-GUYI**

13 e 14 de maio de 2019

## **Pontevedra**

Auditorio Sede Afundación

## **DE LOS CUENTOS A LAS CUENTAS**

29 e 30 de outubro de 2018

## **EL MÁGICO PLANETA DE LOS INSTRUMENTOS INSÓLITOS**

19 a 21 de novembro de 2018

## **A GALIÑA AZUL**

3 a 5 de decembro de 2018

## **TARZÁN**

14 a 16 de xaneiro de 2019

## **BURBUJAS DE PAPEL**

1 a 6 de febreiro de 2019

## **EU COCIÑO, TI COCIÑAS?**

25 a 27 de febreiro de 2019

## **BON APPÈTIT**

25 a 27 de marzo de 2019

## **GUY-GUYI**

23 a 26 de abril de 2019

## **Vigo**

Auditorio Teatro Afundación

## **DE LOS CUENTOS A LAS CUENTAS**

22 e 26 de outubro de 2018

## **CINEMA SUBMARINO**

13 e 14 novembro de 2018

5º e 6 de primaria

15 de novembro de 2018

1º e 2º de ESO

## **EL MÁGICO PLANETA DE LOS INSTRUMENTOS INSÓLITOS**

26 a 30 de novembro de 2018

## **A GALIÑA AZUL**

10 a 17 de decembro de 2018

## **TARZÁN**

21 a 28 de xaneiro de 2019

## **BURBUJAS DE PAPEL**

11 a 19 de febreiro de 2019

## **BON APPÈTIT**

18 a 22 de marzo de 2019

## **EU COCIÑO, TI COCIÑAS?**

1 e 5 de abril de 2019

## **GUY-GUYI**

29 de abril a 10 de maio de 2019

## **Vilagarcía de Arousa**

## **DE LOS CUENTOS A LAS CUENTAS**

7 de novembro de 2018

# ARTES PLÁSTICAS

## «Sonoro empeño. A música nas coleccións ABANCA e Afundación»

A Coruña | 23 de outubro 2018 a 20 xaneiro 2019

As coleccións Afundación e ABANCA únense para crear unha das composicións artísticas musicais máis destacadas da tempada. A mostra «Sonoro empeño» é unha viaxe a través da interpretación pictórica da música que poderemos gozar a través dun programa didáctico adaptado a escolares de todas as idades:

- *As catro estacións da arte e a música.* Infantil a 3º de primaria
- *Das audicións ás sensacións.* 4º de primaria a 2º de ESO
- *Sonoro empeño.* 3º de ESO, bacharelato e C.F.

Prezo: 1 € / participante

Sede Afundación A Coruña | Cantón Grande, 8  
areaeducativacoruna@afundacion.org | 981 185 060

## «A fronteira infinda. Os artistas galegos e a emigración»

Ferrol | 4 de outubro 2018 a 5 xaneiro 2019

A historia de Galicia está inevitablemente vinculada ao feito migratorio, que desde o século XIX ata a actualidade nos foi configurando como sociedade.

A través desta exposición con obras das coleccións de ABANCA e Afundación, facemos un percorrido por este capítulo da nosa historia. A mostra achéganos a arte realizada por creadores galegos fóra de Galicia, en América e Europa, ao longo de boa parte do século XX. Para a ocasión contamos cun programa didáctico orientado a todas as idades:

- *Un compás, un sextante e un mapa...* Infantil a 3º de primaria
- *O meu mundo en tres maletas.* 4º de primaria a 2º de ESO
- *A fronteira infinda.* 3º e 4º de ESO, bacharelato e C.F.

Prezo: 1 € / participante

Sede Afundación Ferrol | Praza da Constitución, s/n  
areaeducativaferrol@afundacion.org | 981 330 280



## «Alzhéimer, camiño da memoria»

Santiago | 20 de setembro a 18 de novembro 2018

A prevención, a detección e as consecuencias da enfermidade do Alzhéimer serán a escusa para este percorrido en que nos achegaremos a algúns conceptos da neurociencia. A memoria, as emocións, o movemento, o coñecemento matemático e a fala, todos teñen un lugar no noso cerebro, que anatomizaremos para coñecelo mellor.

- *A fábula do cerebro que deixou de lembrar.* Infantil a 3º de primaria
- *Cerebro estuda cerebro. De neurobioloxía e outras cuestións.* 4º de primaria a 2º de ESO
- *Alzhéimer, camiño da memoria.* 3º, 4º de ESO, bacharelato e C.F.

Prezo: 1 € / participante

**Sede Afundación Santiago** | Rúa do Vilar, 19

areaeducativacompostela@afundacion.org | 981 552 577

## «Fotógrafos da Natureza. European Wildlife Photographer of the Year»

Lugo | Decembro 2018 a xaneiro 2019

Nun mundo onde cada vez hai menos espazo para os ecosistemas terrestres e mariños, o Museo de Historia Natural de Londres tráenos cada ano, a través do concurso fotográfico Wildlife, algúns dos mellores momentos da vida salvaxe.

- *Correr, saltar e chapuzar. Animais salvaxes e un pouquiño máis...* Infantil a 3º de primaria
- *Baixo un manto de estrelas eles dormen mellor.* 4º de primaria a 1º de ESO
- *WILDLIFE 2018.* 2º de ESO, bacharelato e C.F.

Prezo: 1 € / participante

**Sede Afundación Lugo** | Praza Maior, 16

areaeducativalugo@afundacion.org | 982 289 096



## «Da razón de Goya aos monstros de Dalí»

Pontevedra | 27 de setembro 2018 a 19 xaneiro 2019

Afundación abre as súas portas ao diálogo entre Dalí e Goya, un percorrido único para achegarse a dous grandes creadores a través da reflexión sobre os vicios e os malos costumes do ser humano, que traspasan calquera fronteira temporal. Do século XVIII ao século XX, sen dármonos apenas conta, reencontrarémonos coa crítica, a sátira e a xenialidade artística.

- *Lapis con punta de aceiro.* Infantil a 3º primaria
- *Os pesos pesados da arte: Goya vs. Dalí.* 4º de primaria a 2º de ESO
- *Da razón de Goya aos monstros de Dalí.* 3º, 4º de ESO, bacharelato e C.F.

Prezo: 1 € / participante

**Café Moderno Afundación** | Praza de San Xosé, 3  
areaeducativapontevedra@afundacion.org | 986 333 210

## «Terras de salitre. Cristina Mittermeier»

Vigo | 13 de setembro a 17 de novembro 2018

Unha das fotografías da natureza máis importantes do planeta recala en Vigo. Con ela imos coñecer algunhas das poboacións costeiras do mundo, coñecendo a realidade das especies mariñas para reflexionar sobre a desconexión que existe hoxe entre os ecosistemas e a acción das persoas.

«Loito polo planeta que quero e vou erguer a miña voz de xeito apaixonado e entusiasta para conseguilo». Cristina Mittermeier

- *Coma focas ao sol na primavera.* Infantil a 3º primaria
- *Mares de coñecemento.* 4º primaria a 1º ciclo de ESO
- *Terras de Salitre de Cristina Mittermeier.* 2º ciclo de ESO, bacharelato e C.F.

Prezo: 1 € / participante

**Sala de Exposicións Teatro Afundación Vigo** | Policarpo Sanz, 13  
areaeducativavigo@afundacion.org | 986 129 032





## «Colección de Arte Afundación»

Vigo | **Novembro 2018 a xuño 2019**

Un ano máis, o espazo Colección Afundación volve abrir as súas portas cunha nova perspectiva. Desde que en 1962 se incorporara a súa primeira obra, a Colección converteuse co paso dos anos, e logo de contar xa con máis de 5.500 pezas, nun dos legados máis importantes da cultura galega. Un legado ideal para coñecer parte da nosa historia, as nosas manifestacións artísticas e o noso comportamento social. Coa finalidade de o poder facer chegar á xente miúda, desde Afundación presentamos unha programación didáctica para todas as idades.

- *Operación: tormenta de pintura.* Infantil a 3º de primaria
- *Un novo comisario para a Colección.* 4º de primaria a 2º de ESO
- *O nacemento dunha Colección.* 2º e 3º de ESO, bacharelato e C.F.

Prezo: 1 € / participante

**Sede Afundación Vigo**, Espazo Colección | Policarpo Sanz, 26

areaeducativavigo@afundacion.org | 986 129 032

## «Marcelo Macías». Museo Arqueolóxico provincial de Ourense

Ourense | **Novembro a decembro 2018**

O museo ourensán rende homenaxe a un dos seus fundadores, Marcelo Macías, unha das figuras máis importantes da cidade das Burgas do século XX. Profesor, escritor, investigador... a súa proximidade valeulle o agarimo de toda a cidadanía galega e un lugar preferente na memoria da cidade en que residiu e traballou, Ourense.

- *O conto do sacerdote que namorou de Ourense.* Infantil a 3º de primaria
- *O príncipe da oratoria.* 4º de primaria a 2º de ESO
- *Marcelo Macías.* 3º e 4º de ESO, bacharelato e C.F.

De balde

**Sala de Exposicións Afundación Ourense** | Praza Maior, 4

areaeducativaourense@afundacion.org | 988 391 746



## Corrente cultural

### Programa de Vilas

#### «Auga. O sangue da terra»

Mostra fotográfica que ten como obxectivo concienciar a poboación sobre a importancia do uso racional e responsable da auga. O fotógrafo Manuel Valcárcel viaxou a algúns dos recunchos máis remotos do planeta azul: Nova Zelandia, o río Ganxes, as plantacións de arroz da China, Nixer ou o deserto de Atacama, así coma ao lucense río Lor, onde a presenza ou a ausencia da auga determinou culturas, paisaxes e ecosistemas.

- *A auga e a vida, a vida e a auga.* Infantil a 3º de primaria
- *Lume, terra, auga e aire. Os catro elementos.* 4º de primaria a 2º de ESO
- *Auga, o sangue da terra.* 3º, 4º de ESO, bacharelato e C.F.

De balde

**SARRIA | 5 a 28 de outubro 2018**

areaeducativa@afundacion.org | 986 333 210

**A GUARDA | 4 de decembro a 5 de xaneiro 2019**

**Centro cultural A Guarda**

Rúa de Rosalía de Castro 3, A Guarda | areaeducativa@afundacion.org | 986 333 210



## «Unha mirada de Antano. Ruth Matilda Anderson»

Un 7 de agosto de 1924, Ruth Matilda Anderson chegaba ao porto de Vigo para estudar a vida e os costumes de Galicia. Equipada coa súa cámara e unha intuición pouco común, viaxou por toda a nosa comunidade buscando e fotografando o que hoxe é un dos arquivos máis importantes do mundo sobre Galicia. Localizado en Nova York, este legado trasládase para a ocasión a Pontevedra, e bríndanos a posibilidade de poder amosar o noso pasado e a nosa cultura.

- *Viaxando da man de Antón, o fillo do afiador.* Infantil a 3º de primaria
- *Pontevedra 1924. Regreso ao pasado.* 4º de primaria a 2º de ESO
- *Unha mirada de antano.* 3º, 4º de ESO, bacharelato e C.F.

De balde

**O BURGO (CULLEREDO) | 3 a 28 de outubro 2018**

**Aula da Natureza Juan Lembeye. Xardín botánico Ría do Burgo**

Avda. Xoan Carlos I, s/n | [areaeducativa@afundacion.org](mailto:areaeducativa@afundacion.org) | 986 333 210

**O BARCO DE VALDEORRAS | 7 de novembro a 7 de decembro 2018**

**Sala ABANCA**

Praza de Santo Andrés de Prada, 1 | [areaeducativa@afundacion.org](mailto:areaeducativa@afundacion.org) | 986 333 210

**ARTEIXO | 12 de decembro a 12 de xaneiro 2019**

**Centro Cívico Cultural**

Avda. Do Balneario 1, Arteixo (A Coruña) | [areaeducativa@afundacion.org](mailto:areaeducativa@afundacion.org) | 986 333 210



# NATURNOVA

**Centro Interactivo de educación ambiental NATURNOVA**  
Vigo

Velázquez Moreno, 18.

**[naternova.afundacion.org](http://naternova.afundacion.org)**

986 120 088/89 | [naternova@afundacion.org](mailto:naternova@afundacion.org)

Descubre como é o mundo que nos rodea e o importante que é coidalo e conservalo. Nas diferentes salas temáticas de Naturnova podes descubrir o Universo, a Terra, o ser humano e o seu medio. Tocar unha nube, escoitar unha treboada ou mover un tren grazas á enerxía solar son cousas que poderás facer sen saíres do noso centro interactivo!

### **Bosque das Estacións**

Infantil. 60 min. Máx. 32 participantes

Visita: Vestíbulo, Submarino

Por que son tan importantes os nosos bosques? Cales son as estacións e en que se diferencian? Como van cambiando as nosas árbores con elas? Aprenderemos todo isto do xeito máis divertido: mediante contos e xogos.

### **Os segredos da lúa e os planetas**

1º e 2º de primaria. 60 min. Máx. 32 participantes

Visita: Vestíbulo, sala O Universo, Submarino

Cofeecedes os misterios que nos agocha a Lúa? Seredes quen de descubrirdes os segredos de cada planeta? Coma astronautas afondaremos no universo para descubrir todo isto.

### **Do Universo á Terra, un planeta con vida**

1º a 3º de primaria. 90 min. Máx. 48 participantes

Visita: Museo completo

Que fai a Terra tan especial? Como clasificamos os seres deste planeta vivo? Como podemos coidala? Atendede moito as explicacións para completardes as probas de Pintafontes e convertervos en súper especialistas do noso planeta.



### **Detectives do espazo**

4º a 6º de primaria. 60 min. Máx. 32 participantes

Visita: Vestíbulo, sala O Universo, Submarino

Converterédesvos en xeniais detectives do espazo para descubrirdes aspectos sobre o Universo e o sistema solar. Só os mellores conseguirán resolver o misterio espacial.

### **Desafío Naturnova**

3º a 6º de primaria, ESO e bacharelato. 90 min. Máx. 65 participantes

Visita: Museo completo.

Gozade cos módulos interactivos do centro e resolve o desafío que vos propón a nosa mascota Pintafontes.

### **Especies invasoras en Galicia**

5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato. 90 min. Máx. 32 participantes

Visita: Museo completo.

Coñecemos as especies invasoras en Galicia e os problemas que causan nos nosos ecosistemas? Que podemos facer nós? Contesta todas estas preguntas visitando o noso centro interactivo!

Prezo: 1 € / participante



# BIBLIOTECA INFANTIL AFUNDACIÓN

## **Santiago de Compostela**

Frei Rosendo Salvado, 14-16  
biblio.santiago@afundacion.org  
981 593 467



Especializada en literatura infantil e xuvenil, conta con máis de 20.000 libros e 700 DVD. Espazo único para compartir, soñar, aprender, divertirse, crear e participar.

## VISITAS ESCOLARES

Actividade de dinamización e divulgación lectora para escolares de infantil, primaria e secundaria.

- **Descubre a maxia da biblioteca**  
Infantil a 3º de primaria
- **Bibliotécate**  
4º de primaria a 2º de ESO

Desde outubro. Martes e xoves. 10.00 h  
Previa reserva

## OUTRAS ACTIVIDADES DE ANIMACIÓN

Sen reserva previa

- **Hora do Conto**  
4 a 8 anos  
Martes. 18.30 h
- **Obradoiros de dinamización**  
Temáticos de animación á lectura  
A partir de 4 anos. Actividade semanal
- **Exposicións bibliográficas**  
Informativas e divulgativas  
Para toda a rapazada  
Actividade mensual
- **Exposicións viaxeiras**  
Mostras artísticas e didácticas  
Público infantil e xuvenil



# EDUCACIÓN FINANCIERA

Máis de 14.600 rapazas e rapaces participaron en 2017 do programa, deseñado en catro tramos de idade diferenciados.

- **De los cuentos a las cuentas**

5º e 6º de primaria

Obra de teatro que pretende trasladar á rapazada como as súas accións poden contribuír tamén na mellora da economía e o aforro familiar.

- **Seguramente ABANCA**

4º, 5º e 6º de primaria, secundaria, bacharelato e C.F.

Un programa que quere sensibilizar nen@s e mox@s sobre a prevención de riscos e valorar a importancia dos seguros coma unha inversión ante os imprevistos da vida.

- **As túas finanzas, o teu futuro**

3º e 4º de ESO

En coordinación coa Fundación Junior Achievement, o persoal voluntario xubilado de ABANCA imparte este programa que se desenvolve en colexios das sete principais cidades galegas. Nas sesións abórdanse temáticas de orzamento doméstico, consumo responsable ou ciberseguridade.

- **Preparad@s para dar o salto?**

ESO, bacharelato e CF

Obradoiro sobre os cambios do mercado laboral e a evolución da econo-

mía. Espertaralles a atención de cara a estas mudanzas, aprendendo a transitar do emprego á empregabilidade e a ter un comportamento responsable na xestión do diñeiro.

- **ABANCA Young Business Talent**

ESO, bacharelato e CF

Simulador empresarial en que o alumnado tomará todo tipo de decisións empresariais, de Marketing, Recursos Humanos e Finanzas.

- **Grand Prix Financeiro. Xogamos a ser maiores? Divírtome aprendendo a aforrar!**

Desde 1º a 6º de primaria

O público infantil aprende con este xogo que o diñeiro non aparece por arte de maxia. Aprenden a xestionar os cartos a través de distintas fases do xogo.

- **Proxecto HANA**

Todos os cursos escolares

O Programa Espacial Hamsternauta propón que todos os centros de educación participen nunha carreira onde o obxectivo é lanzar un dummy dun hámster ao espazo e conseguir as mellores métricas para recuperalo posteriormente con vida.

Inscricións en [www.hamsternauta.com](http://www.hamsternauta.com)

# ACTIVIDADES INTERGERACIONAIS

## O VALOR DA EXPERIENCIA

Propostas educativas que aproveitan a experiencia das persoas + 60, fomentan o diálogo, a cooperación e o entendemento entre as distintas xeracións.

### Fálame da emigración

As historias de vida das persoas + 60 na emigración son o eixe do programa, articulado a través de dous encontros nos institutos e precedidos dun traballo preparatorio que se apoia en material e recursos didácticos achegados por Afundación. Maiores e estudantes comparten experiencias, reflexións e emocións, establecendo relacións baseadas no respecto mutuo.

Para o estudiantado supón a oportunidade de coñecer a historia da emigración da man dos seus protagonistas e de aprender valores de emprendemento, esforzo, superación e adaptación; para as persoas +60 voluntarias, sentírense escoitadas, útiles e recoñecidas; e para a comunidade educativa en xeral, poder experimentar con novas modalidades de aprendizaxe non formal.

### Falamos da escola

Novo programa interxeracional desenvolvido en colaboración co IES Francisco Aguiar de Betanzos, que se incorpora ao noso catálogo formativo. Arrinca da experiencia e metodoloxía aplicada nas tres edicións de Fálame da emigración.

Artéllase a través de dous encontros precedidos dun traballo preparatorio. O fío condutor é a experiencia escolar das persoas +60, quen achegan ao alumnado a historia da educación en Galicia, favorecendo a valoración da educación como dereito e como conquista social contemporánea. O estudiantado achega tamén as súas vivencias ás persoas máis 60 para reflexionar sobre semellanzas e diferenzas da escola de antano e a escola actual; as diferenzas de xénero na educación antes e agora e como é a escola que queremos.



EDUCACIÓN S. XXI

Este programa de conferencias quere amosar, desde diferentes perspectivas, as últimas novidades en formación e ensino. Ademais da infancia, o noso obxectivo é neste caso a comunidade docente e parental, que atopa aquí unha interesante fonte de información da man de especialistas sobresaintes en diversas materias. Elas e eles véñennos falar sobre Educación desde o punto de vista doutras disciplinas e desde o propio ámbito, sacando á luz as máis anovadoras tendencias pedagóxicas para os novos contextos sociais.

Este ciclo busca complementar o compromiso de Afundación co ensino académico que, cada ano, mobiliza máis de 120 000 nenas e nenos a través das propostas da nosa Área Educativa. Propostas que abranguen múltiples disciplinas, desde actividades culturais en artes escénicas, plásticas e de fomento da lectura ata actividades interxeracionais, de educación ambiental, de novas tecnoloxías ou de cociña e hábitos alimenticios saudables.

## PRÓXIMAS CONFERENCIAS

### «Educando con maxia»

Xuxo Ruiz

**13 de setembro 2018 | 20.00 h | Santiago de Compostela**

O profesor Xuxo Ruiz Domínguez, profesor de primaria en Sevilla, foi seleccionado entre os 50 mellores docentes do mundo para os Global Teacher Prize 2018, os premios Nobel do ensino. A súa ferramenta pedagóxica na aula é a maxia, aplicándoa para a mellora da concentración, o comportamento e os resultados académicos en xeral. O seu libro *Educando con magia* foi o volume educativo máis vendido en 2013.

### «Educar a través da sorpresa: como aprende o cerebro»

David Bueno

**15 de novembro 2018 | 20.00 h | Ourense**

**16 de novembro 2018 | 20.00 h | A Coruña**

David Bueno i Torrens é doutor en Bioloxía e profesor e investigador de Xenética na Universidade de Barcelona. A súa traxectoria profesional e académica céntrase na xenética do desenvolvemento e a neurociencia e a súa relación co comportamento humano. Leva publicados numerosos artigos e libros de divulgación entre os que destacamos *Educación para una cultura de paz. Una propuesta desde la pedagogía y la neurociencia*, *Cerebroflexia. El arte de construir el cerebro* e *Neurociencia para educadores*.



## NORMAS PARA INSCRIBIRSE

Na escolla das actividades poderanse combinar distintas disciplinas.

### ARTES ESCÉNICAS

- A solicitude farase a través do formulario de peticións na web: [www.escolares.afundacion.org](http://www.escolares.afundacion.org)
- Prazo de reservas ata o 30 de setembro 2018
- Solicitarase praza para un máximo de 150 escolares por centro e actividade (100 para A Coruña e Ferrol por cuestión de capacidade dos edificios.)
- Prezo: 2 € / escolar. [Cinema Submarino e Educación Financeira son actividades GRATUÍTAS]. O importe total ingresarase no número de conta ES 91 2080 5000 61 3040323643, indicando o código de ingreso, que comunicaremos previamente desde Afundación canda a asignación de actividades. O prazo límite para o pagamento é de 1 semana antes de comezar a actividade.
- Desde Afundación enviarase correo-e ao centro para informar da asignación de actividades. Así mesmo, cada centro deberá confirmar esta asignación a través da web.
- Hai guías didácticas dispoñibles para consultar e descargar na web.
- Para máis información, 986 120 089 e 986 120 078 ou en [www.escolares.afundacion.org](http://www.escolares.afundacion.org)

### ARTES PLÁSTICAS

- A solicitude farase a través do teléfono da Sede Afundación correspondente.
- Non existe prazo de reservas.
- O máximo de prazas marcarao cada actividade de xeito independente.
- Prezo: 1 € / escolar. O pagamento poderase efectuar no momento de asistencia á actividade ou ben ingresalo no número de conta indicado enriba. Neste caso non se precisa o código de ingreso.
- Para máis información, 986 129 032 ou en [areaeducativa@afundacion.org](mailto:areaeducativa@afundacion.org)

### NATURNOVA

- A solicitude poderase realizar a través de [www.escolares.afundacion.org](http://www.escolares.afundacion.org), no correo-e [naturnova@afundacion.org](mailto:naturnova@afundacion.org) ou no 986 120 088
- Non existe prazo de reservas.
- Cada centro poderá reservar para tantos grupos como desexe.
- De se facer a solicitude a través da web ou por correo-e, indicar en Observacións o nome da actividade concreta á que se desexa asistir; no seu defecto, considerarase como petición de Visita Interactiva.
- Revisar os requisitos de cada actividade.
- Prezo: 1 € / escolar. O pagamento poderase efectuar no momento de asistencia á actividade ou ben ingresalo no número de conta indicado enriba. Neste caso non se precisa o código de ingreso.
- Hai guías didácticas dispoñibles para consultar e descargar en [www.naturnova.afundacion.org](http://www.naturnova.afundacion.org).
- Para máis información consultar a páxina web referida no punto anterior.

## **CENTROS AFUNDACIÓN**

### **Sede Afundación A CORUÑA**

Cantón Grande, 8 | [areaeducativacoruna@afundacion.org](mailto:areaeducativacoruna@afundacion.org) | 981 185 060

### **Sede Afundación FERROL**

Praza da Constitución, s/n | [areaeducativaferrol@afundacion.org](mailto:areaeducativaferrol@afundacion.org) | 981 330 280

### **Sede Afundación LUGO**

Praza Maior, 16 | [areaeducativalugo@afundacion.org](mailto:areaeducativalugo@afundacion.org) | 982 289 096

### **Sala de exposicións Afundación OURENSE**

Praza Maior, 4 | [areaeducativaourense@afundacion.org](mailto:areaeducativaourense@afundacion.org) | 988 391 746

### **Sede Afundación PONTEVEDRA**

Augusto González Besada, 2 | [areaeducativapontevedra@afundacion.org](mailto:areaeducativapontevedra@afundacion.org) | 986 333 210

### **CAFÉ MODERNO Afundación**

Praza de San Xosé, 3 | [areaeducativapontevedra@afundacion.org](mailto:areaeducativapontevedra@afundacion.org) | 986 333 210

### **Sede Afundación SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Rúa do Vilar, 19 | [areaeducativacompostela@afundacion.org](mailto:areaeducativacompostela@afundacion.org) | 981 552 577

### **BIBLIOTECA INFANTIL**

Frei Rosendo Salvado | [biblio.santiago@afundacion.org](mailto:biblio.santiago@afundacion.org) | 981 593 467

### **Sede Afundación VIGO**

Policarpo Sanz, 26 | [areaeducativavigo@afundacion.org](mailto:areaeducativavigo@afundacion.org) | 986 129 032

### **NATURNOVA**

Velázquez Moreno, 18 | [naturnova@afundacion.org](mailto:naturnova@afundacion.org) | 986 120 088

# //Afundación

Obra Social ABANCA

Naturnova  
Rúa Velázquez Moreno | VIGO  
986 120 078  
naturnova@afundacion.org